



EXCMO. CONCELLO
DE
TUI

Servizos Sociais

ORDENANZA REGULADORA DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

ARTIGO 1º : OBXECTO

O obxecto do presente regulamento é a adaptación do Servizo Municipal de Axuda no Fogar ás novas necesidades e organización do Concello de Tui, respectando o establecido na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local, Lei13/2008 do 3 de Decembro de Servizos Sociais de Galicia, no Decreto 240/1995 do 28 de xullo que regula os Servizos Sociais de Atención Primaria, a Orde de 22 de Xaneiro de 2009 da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar polo que se regula o servizo de Axuda no Fogar, e Lei 39/2006 do 14 de decembro de Promoción da Autonomía persoal e atención as persoas en situación de dependencia, e demais lexislación aplicable.

Artigo 2º.- DEFINICIÓN:

O Servizo de Axuda no Fogar (SAF) é un programa enmarcado nos Servizos Sociais de Atención Primaria, inserto nun sistema integrado de Servizos Sociais de carácter complementario e transitorio que non exime a familia de responsabilidades, con planificación, coordinación e control público, que ofrece un conxunto de atencións dende unha perspectiva integral e normalizadora dentro do propio domicilio con carácter preventivo, educativo e rehabilitador, e que se presta a través de persoal especializado.

Artigo 3º.- OBXECTIVOS:

Desenvolverase unha labor preventiva, asistencial e rehabilitadora, sen substituír ó usuario/a no que poida facer de por si, para non lle causar dependencia en lugar de autonomía, e sen substituír á familia na súa responsabilidade senón, pola contra estimulando a atención desta cara ó usuario/a.

Son obxectivos do servizo de axuda no fogar:

- a) Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.
- b) Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual.
- c) Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio.
- d) Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social.
- e) Previr situacións de dependencia ou exclusión social.
- f) Retardar ou evitar a institucionalización.
- g) Reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social.

Artigo 4º.- BENEFICIARIOS/AS:



EXCMO. CONCELLO
DE
TUI

Serán obxecto de atención o través do SAF:

- 1.- Persoas dependentes valoradas
- 2.- Persoas con discapacidade
- 3.- Persoas con minusvalía.
- 4.- Familias con problemáticas, atención a menores, como complemento o programa de educación familiar.
- 5.- Persoas ou colectivos en situación de risco de exclusión social, ou fragilidade cando así o determine de forma excepcional o informe técnico.

Todos eles e elas residentes no concello de Tui.

En todo caso e en cumprimento da normativa vixente darase prioridade de acceso ás persoas que teñan un dereito recoñecido dentro do sistema establecido pola Lei 39/2006 do 14 de decembro de Promoción da autonomía Persoal e atención as persoas en situación de dependencia

Artigo 5º.- DURACIÓN E INTENSIDADE DO SERVIZO.

1º.- Establecese como período de prestación de servizo de luns a venres dende as 7:00h. ata as 22:00h., quedando excluídas as fins de semana e festivos, se ben de xeito excepcional e previo informe técnico a favor ,poderá variarse.

2º.-O servizo poderá prestarse coas seguintes variacións horarias:

A.- Polo sistema de libre concorrancia o servizo terá unha duración máxima de sesenta e dúas horas mensuais. (dúas horas diarias, tendo en conta os meses de trinta e un días)

B- Cando o servizo se deba de xeito exclusivo a limitacións para as actividades instrumentais da vida diaria (sección 7 Apartado 1º do Informe médico) , o número de horas quedará limitado a un máximo de doce horas mensuais e non poderá prestarse en fin de semana nin os días festivos.

C- No caso de que o usuario/a sexa unha persoa dependente valorada a intensidade da Axuda no fogar , dependerá do grado e nivel de dependencia e conforme a resolución do Programa Individual de Atención.

A intensidade do servizo de axuda no fogar para as persoas usuarias atendidas no marco do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia, estará determinada no Programa Individualizado de Atención. A súa aplicación horaria será flexible e conforme co Plan de Coidados, de maneira que se garanta a cobertura das necesidades de atención para a realización das actividades da vida diaria, ademais dos días laborais, os fins de semana e festivos.

Quedando establecida en aplicación da lei 39/2006 do 14 de decembro, como se establece no seguinte cadro:



EXCMO. CONCELLO
DE
TUI

	Grao III. Gran Dependencia	Grao II Dependencia severa	Grao I Dependencia Moderada
Nivel 2	70 - 90 horas/mes	40 - 55 horas/mes	20 - 55 horas/mes
Nivel 1	55 - 70 horas/mes	30 - 40 horas/mes	25 - 30 horas/mes

Artigo 6º.- TIPOS DE ATENCIÓNS DE CARÁCTER BÁSICO:

1. Dentro do marco que establece o servizo de axuda no fogar poderán prestarse os seguintes tipos de atención:

- a) Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, tales como:
- Asistencia para levantarse e deitarse.
 - Apoio no coidado e hixiene persoal, así como para espirse e vestirse.
 - Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.
 - Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas polos facultativos/as.
 - Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espacio-temporal.
 - Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.
- b) Atencións de carácter persoal na realización doutras actividades da vida diaria, tales como:
- Acompañamento fóra do fogar para acudir a consultas ou tratamento.
 - Apoio na realización de xestións necesarias e urxentes.

Indicar que o acompañamento por parte da auxiliar de axuda no fogar estará contemplado como tarefa no contrato da prestación e será sempre no horario de duración do servizo concedido, dentro da localidade e non se poderá utilizar o vehículo da auxiliar para ese acompañamento.

- c) Atencións das necesidades de carácter doméstico e da vivenda, tales como:
- Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda
 - Compra de alimentos e outros produtos de uso común.
 - Preparación de alimentos.
 - Lavado e coidado das prendas de vestir.
 - Coidados básicos da vivenda.

Como norma xeral, non se realizarán as labores de: limpeza de portais e/o escaleiras comunitarias, labores de xardíns e horta, alimentación e aseo de animais.

Todas elas terán un carácter excepcional e complementario das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu entorno



EXCMO. CONCELLO
DE
TUI

Para a realización destas actuacións a persoa usuaria deberá dispor ou proverse dos medios necesarios. No seu defecto, os servizos sociais competentes poderán xestionalos recursos adecuados para que ditas atencións poidan ser realizadas convenientemente, tales como servizos de xantar na casa, lavandería e determinados equipamentos.

- d) Atención de carácter psicosocial e educativo: intervencións técnico – profesionais formativas e de apoio ó desenvolvemento das capacidades persoais, a afectividade, a convivencia e a integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar.

2. Con carácter complementario o servizo de axuda no fogar poderá incorporar, entre outros os seguintes tipos de atención:

- a) Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.
- b) Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimento, teleasistencia e similares.
- c) Adaptacións funcionais do fogar.
- d) Servizo de podoloxía.
- e) Servizo de fisioterapia.
- f) Servizo de voluntariado.

3. Poderán integrarse, ademais, dentro de servizo de axuda no fogar, determinadas atencións e actividades que se desenvolvan fóra do marco do domicilio da persoa usuaria, sempre que, de acordo co prescrición técnica sobre o contido do servizo, incidan de maneira significativa na posibilidade de permanencia no fogar e na mellora da autonomía e a calidade de vida.

4. En todo caso as atencións prestadas terán un carácter de reforzo e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato, de maneira que se facilite e promova a súa autonomía.

5. En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo:

- A realización de actividades domésticas que non fosen incluídas no contrato da prestación e/ou proxecto de intervención.
- Actuacións que, polo seu carácter sanitario, deban en todo caso ser realizadas por persoal facultativo.

Artigo 7.- REQUISITOS DE ACCESO O SERVIZO :

Son requisitos xerais para ter acceso ó servizo :



EXCMO. CONCELLO
DE
TUI

- Estar empadroadado e residir no termo municipal de Tui.
- Non percibir servizo nin prestación doutra institución ou entidade para a mesma finalidade (SAF).
- Atoparse nalgún dos seguintes supostos:
 - A.- Estar incapacitado/a para a realización das tarefas para as que demanda o servizo , polo que deberá acadar un mínimo de puntuación no baremo de valoración da dependencia funcional establecido (2 puntos na sección 7 ou 2 puntos entre a sección 1 e 4.)
 - B.- Estar valorado/a como dependente pola Xunta de Galicia en calquera dos seus graos segundo a disposición final primeira da Lei 39/2006 de 14 de decembro de promoción de autonomía persoal e atención das persoas en situación de dependencia.
 - C.- Estar incluído nalgún programa de intervención social dos servizos sociais de atención primaria municipais .
- Que o domicilio reúna as mínimas condicións de habitabilidade, que permitan un adecuado desenvolvemento da prestación do servizo.
- Estar incluído nalgún programa de intervención social dos servizos sociais de atención primaria municipais.
- Que o recurso sexa valorado como idóneo polo traballador/a social dos Servizos Sociais comunitarios.

Artigo 8 .- DEREITOS DOS USUARIOS /AS:

As persoas usuarias do servizo, ademais dos dereitos que con carácter xeral se lle recoñecen no artigo 36 de Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, terán dereito:

- A seren tratadas co respecto debido a súa dignidade.
- A recibiren unha atención adaptada as súas necesidades, coa calidade e duración prescritas en cada caso.
- A coñeceren a organización e o regulamento do servizo.
- Ó tratamento confidencial dos seus datos de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- A recibiren información precisa e clara sobre as posibles modificacións sobrevidas durante a prestación efectiva do servizo.
- A presentaren queixas e suxestións ó persoal coordinador do servizo cando expresaren reclamacións ou fixeren suxestións sobre a súa prestación efectiva.



EXCMO. CONCELLO
DE
TUI

Artigo 9 .- DEBERES DOS USUARIOS /AS

As persoas usuarias, ademais dos deberes que con carácter xeral se contemplan no artigo 37 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, terán ós seguintes deberes:

- Cumprir coas condicións do servizo, facilitando a execución das tarefas ó persoal ó cargo e poñendo a súa disposición, se fose o caso, os medios materiais necesarios.
- Colaborar no desenvolvemento do servizo en función das súas capacidades e nos termos acordados en cada caso.
- Respetar a dignidade persoal e profesional das persoas que presten o servizo, así como respetar os límites das súas obrigas laborais.
- Informar dos cambios de calquera circunstancia persoal, familiar ou económica que puidese dar lugar a modificación, suspensión ou extinción na prestación do servizo.
- Participar no pagamento do servizo nos termos que se estableza na súa norma reguladora.
- A comunicar con dez días de antelación calquera ausencia temporal do domicilio que puidese impedir a prestación do servizo.

Artigo 10 .- CAUSAS DE EXTINCIÓN E MODIFICACIÓN DO SERVIZO

Establécense como causas de extinción do servizo de axuda no fogar, as seguintes:

- 1.- A renuncia da persoa usuaria
- 2.- Traslado definitivo da súa residencia a outro concello.
- 3.- Falecemento da persoa usuaria
- 4.- Incumprimento reiterado dos deberes e obrigas establecidas para as persoas usuarias na prestación do servizo.
- 5.- Desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.
- 6.- Institucionalización definitiva da persoa usuaria.
- 7.- Recuperación da autonomía persoal ou familiar.
- 8.- Non aboar durante tres meses como máximo a aportación económica estipulada na ordenanza fiscal
- 9.- Non aceptar sen causa xustificada á auxiliar doméstica.
- 10.- Falseamento de datos ou de documentación.
- 11.- Ocultación de datos.
- 12.- Perdida dalgún dos requisitos polo que se lle concedeu o servizo.
- 13.- Cambio de programa individual de atención ou do proxecto de intervención que implique un cambio de asignación de recurso e a súa incompatibilidade co servizo de axuda no fogar.

Con carácter xeral , a alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo, poderá dar lugar á modificación das condicións de prestación nas que fora concedido inicialmente.



EXCMO. CONCELLO
DE
TUI

Artigo 11.- CAUSAS DE SUSPENSIÓN TEMPORAL DO SERVIZO

- 1.- Ausencia temporal do domicilio por vacacións, viaxes, ingreso hospitalario ou outra causa xustificada: neste caso o servizo poderá suspenderse por un máximo de tres meses, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a súa ausencia.
- 2.- Estancia temporal no domicilio de familiares ou achegados por tempo inferior a tres meses.
- 3.- Cando outra persoa ou entidade asuma a atención da persoa usuaria por un período superior a tres meses.

Artigo 12.- MODALIDADES DE ACCESO Ó SERVIZO

O acceso ó servizo producirase a través dos Servizos Sociais de Atención Primaria, de acordo coas seguintes modalidades:

1. Para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non lles asista o dereito de acceso efectivo ó catálogo de servizos de atención á dependencia segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, o acceso ó servizo será por libre concorrencia.
2. O acceso ó servizo será directo para persoas que, tendo recoñecida a situación de dependencia, se lles asine o servizo de axuda no fogar na correspondente resolución de Programa Individual de Atención, segundo o establecido no Decreto 176/2007, do 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema na Comunidade Autónoma de Galicia, así como á Orde do 17 de decembro de 2007 pola que se establecen os criterios para a elaboración do Programa Individual de Atención, fixación das intensidades de protección dos servizos, réxime de incompatibilidades das prestacións e xestión das prestacións económicas.

Artigo 13.- PROCEDEMENTO DO ACCESO Ó SERVIZO

A solicitude para acceder o servizo municipal de axuda no fogar poderá ter lugar a instancia de parte ou ben de oficio a proposta dos Servizos Sociais.

1. A tramitación das solicitudes de axuda no fogar por libre concorrencia, conlevará a elaboración dun expediente individual que estará formado polos seguintes documentos:
 - A solicitude, (anexo I), asinada pola persoa usuaria ou o seu representante legal.



EXCMO. CONCELLO
DE
TUI

- Fotocopia do D.N.I, pasaporte ou Tarxeta de residencia da persoa usuaria, en vigor.
- Fotocopia da cartilla de asistencia sanitaria da persoa usuaria.
- Certificado de empadroamento e convivencia.
- Xustificante acreditativo do pago do aluguer da vivenda ou amortización do préstamo hipotecario.
- Informe de saúde (anexo II)
- Xustificante acreditativo de ingresos da persoa usuaria, cónxuxe ou parella de feito se é o caso, do exercicio anterior(nómina, pensión ou desemprego).
- Certificado de rústica, urbana e IAE, cunha declaración xurada dos bens inmoables da persoa usuaria, cónxuxe ou parella de feito.
- Xustificante de declaración da renda ou no seu defecto certificado negativo expedido pola Axencia Tributaria da persoa usuaria, cónxuxe ou parella de feito.
- Calquera outro documento que considere necesario ó departamento de Servizos Sociais para a adecuada resolución da solicitude.
- Informe social emitido polo/a Traballador/a Social dos Servizos Sociais de Atención Primaria, no que se especifique a situación socio- familiar, se avalíen as mesmas e se propoña a procedencia ou non desta prestación.

2. A tramitación das solicitudes de axuda no fogar para persoas usuarias valoradas co grado de dependencia, está formada polos seguintes documentos.

- A solicitude, (anexo I), asinada pola persoa usuaria ou o seu representante legal.
- Fotocopia do D.N.I, pasaporte ou Tarxeta de residencia da persoa usuaria en vigor.
- Fotocopia da cartilla de asistencia sanitaria da persoa usuaria.
- Certificado de empadroamento e convivencia.
- Xustificante acreditativo de ingresos da persoa usuaria, cónxuxe ou parella de feito se é o caso, do exercicio anterior(nómina, pensión ou desemprego).
- Certificado de rústica, urbana e IAE, cunha declaración xurada dos bens inmoables da persoa usuaria, cónxuxe ou parella de feito.
- Xustificante de declaración da renda ou no seu defecto certificado negativo expedido pola Axencia Tributaria da persoa usuaria, cónxuxe ou parella de feito.
- Resolución do Programa Individual de Atención
- Resolución da Valoración do grado e nivel de dependencia
- Calquera outro documento que se considere necesario ó departamento de Servizos Sociais.

A Administración Local poderá solicitar que se efectúen as comprobacións oportunas sobre a veracidade dos datos aportados pola persoa solicitante. Igualmente poderá reclamar, as aclaracións por escrito e a documentación necesaria co fin de garantir a correcta resolución do expediente.

ARTIGO 14.- TRAMITACIÓN

1. No acceso en libre concorrencia será de aplicación o seguinte:



EXCMO. CONCELLO
DE
TUI

Recibida a solicitude presentada no rexistro xeral de entrada do Concello, xunto coa documentación sinalada no artigo anterior:

O/a Traballador/a Social dos Servizos Sociais de Atención Primaria procederá a comprobar os datos aportados e que a solicitude reúna os requisitos establecidos no presente regulamento comunicando a persoa usuaria que nun prazo de 10 días emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que si non o fixera así, de acordo co artigo 71 1º da Lei 30/1992 do 26 de Novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo común, se terá por desistido da súa petición e se arquivará sen máis trámite.

Unha vez reunida a documentación sinalada aplicaranse os baremos correspondentes,

O/a Traballador/a Social, elaborará, no caso de ter acreditada favorablemente a solicitude, un proxecto de intervención, no que contarán obxectivos xerais e específicos do servizo, intensidade, periodicidade da prestación, funcións e tarefas a desenvolver pola auxiliar doméstica, no caso de considerar que a prestación do servizo de axuda no fogar non procede, elaborárase a proposta de denegación.

As propostas de alta e baixas do servizo de axuda no fogar para a libre concorrência serán resoltas por Decreto da Alcaldía. A resolución será notificada a persoa usuaria.

No caso de ser positiva dita resolución, e en función da dispoñibilidade do servizo a persoa usuaria pasará a ser alta no servizo, ou ben en lista de espera, ocupando nesta o número de orde que lle corresponda segundo a aplicación do baremo de puntuación total. Ante a mesma puntuación terá prioridade o expediente coa renda máis baixa.

O seguimento do servizo será realizado polo Traballador/a Social dos Servizos Sociais Comunitarios, así mesmo o control, supervisión, programación e avaliación do servizo.

O proxecto de intervención poderá ser modificado segundo varíen as circunstancias persoais, familiares ou de organización do propio servizo, quedando a persoa usuaria obrigada a comunicar calquera variación na súa situación socio-familiar ou económica que afecte ás condicións en que lle foi aprobado o servizo.

2. No acceso directo ó servizo para as persoas usuarias con dependencia valorada, a resolución relativa ó Programa Individualizado de Atención, terá a consideración de resolución de asignación e incorporación ó servizo sempre que exista partida orzamentaria.

No caso de que non se poidan atender todas as demandas, elaborárase unha lista de espera, dende a que se accederá ó servizo de axuda no fogar por grao de valoración de



EXCMO. CONCELLO
DE
TUI

dependencia, de maior a menor grao, e por ingresos da persoa usuaria. Ante a mesma situación terá prioridade a persoa usuaria que teña menos ingresos económicos

ARTIGO 15º.- PROFESIONAIS

1. Traballadores/as sociais dos Servizos Sociais de Atención Comunitaria , ós que corresponde as funcións de:
 - Programación xeral do servizo
 - A difusión e información sobre o servizo
 - Recibir a solicitude, realizar o estudo, diagnóstico, baremación e informe de resolución.
 - Sinalar os obxectivos da intervención e realizar informe de derivación o/a traballado/ra social da entidade que xestiona o servizo
 - Coordinación e avaliación continua dos casos co traballador/a social da empresa ou entidade adxudicataria do servizo
 - Propor as altas, baixas ou suspensións temporais do servizo.

2. Traballadores/as Sociais da empresa ou entidade adxudicataria, os que lle corresponde as funcións de:
 - Planear a estratexia a seguir, asignar auxiliares do fogar mais axeitadas a cada beneficiario.
 - Facer o seguimento individualizado dos casos con visitas domiciliarias frecuentes.
 - Presentar mensualmente os informes de seguimento, nos que constaran as incidencias mais significativas, así como posibles causas de suspensión do servizo.
 - Manter reunións periódicas co/a Traballadora/a Social do Concello.
 - Reforzar a formación e reciclaxe continua das auxiliares do SAF.

3. Auxiliares de axuda no fogar, lles corresponde:
 - Asistencias de atención persoal e doméstico deseñados no proxecto de intervención.
 - Facer o usuario participe do seu proceso de vida e non substituílo naquelas funcións que poida desenrolar por si mesmo.
 - Educativas sobre habilidades sociais básicas.
 - De colaboración co traballador/ora social no seguimento e avaliación.
 - Favorecer o apoio social ós usuarios facilitando e fomentando o contacto co exterior.

4. Outros profesionais: educador/a familiar, psicólogo/a, animador/a socio-cultural, persoal sanitario, voluntarios/as, etc que intervirán en casos concretos cunha



EXCMO. CONCELLO
DE
TUI

programación específica, elaborada o efecto con mención dos obxectivos, metodoloxía e sistemas de avaliación en equipo.

Artigo 16º.- OBRIGAS DO PERSOAL DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR:

- Observar un trato respectuoso cara ó usuario ,evitando que a confianza con este e a sua familia interfira no traballo.
- Respecta-la intimidade do usuario e garda-la debida confidencialidade.
- A auxiliar non debe facer participe ós usuarios e a familia deste,dos seus propios problemas ,separando todo o posible a súa vida privada do seu traballo.
- Respectar integramente o horario e as tarefas establecidas e no realizar cambio algún sen previa autorización do responsable.
- Non prestar servizo a outros membros da familia distinta dos beneficiarios,ainda que convivan na mesma casa, sen prexuízo de propoñer o departamento de servizos sociais as medidas que estime oportunas cando aqueles sexan persoas con discapacidade.
- Avisar os usuarios das súas ausencias coa debida antelación , trala autorización do xefe de persoal e a comunicación ó responsable do servizo.
- Non acudir o traballo acompañadas de persoas alleas ó servizo.
- Non recibir en custodia, en ningún caso, diñeiro,xoias nin obxecto algún.
- Non recibir ningún tipo de prestación, regalo ou gratificación por parte do usuario.
- Non dispoñer das chaves de ningún domicilio, agás cando as condicións do caso así o esixan a demanda do usuario e sempre co consentimento do responsable técnico do servizo.

ARTIGO 17º.- PRAZO DE PRESENTACIÓN E SOPORTES DOCUMENTAIS DAS SOLICITUDES

1º- O prazo de presentación de solicitudes estará aberto todo o ano.

2º - Soportes documentais :

- Solicitud (Anexo I)
- Informe de saúde (Anexo II)
- Baremos (Anexo III)
- Informe social (Anexo IV)
- Proxecto de intervención (Anexo V)
- Acordo de prestación do servizo (Anexo VI)
- Modificación do contrato da prestación (Anexo VII)
- Solicitud de baixa voluntaria (Anexo VIII)
- Proposta de resolución do servizo de axuda no fogar (Anexo IX)
- Proposta de modificación (Anexo X)
- Comunicación de dereitos e deberes do usuario/a (Anexo XI)



EXCMO. CONCELLO
DE
TUI

ARTIGO 18º.- DEFINICIÓN DE RENDA PER CÁPITA E UNIDADE FAMILIAR PARA O CÁLCULO DO PAGO DA CUOTA E BAREMACIÓN DO EXPEDIENTE.

1. Para os efectos deste artigo considérase persoa usuaria aquela para a cal se solicite o servizo. No caso de intervención con familias, entenderase como persoa usuaria un dos membros adultos da unidade de convivencia responsables dos menores que formen parte dela.
2. A capacidade económica das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar calcularase en atención á súa renda e, se é o caso, ao seu patrimonio. Teranse en conta, ademais, as persoas conviventes economicamente dependentes, de acordo co establecido nos parágrafos seguintes.
3. A renda valorarase atendendo aos ingresos netos que se perciban, que comprenderán os rendementos de traballo, incluídas pensións e prestacións de previsión social, calquera que sexa o seu réxime; os rendementos de capital mobiliario e inmobiliario; os rendementos das actividades económicas e as ganancias e perdas patrimoniais.
4. Para o cómputo do patrimonio estarase ao disposto na normativa fiscal en vigor sobre o patrimonio, entendéndose por tal o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexa titular a persoa usuaria do servizo, con dedución das cargas e gravames que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das que deba responder. Considéranse exentos do cómputo a vivenda habitual en que se preste o servizo e os bens e dereitos cualificados como exentos na normativa aplicable sobre o imposto do patrimonio. Nos supostos de cotitularidade, só se terá en consideración a porcentaxe correspondente á propiedade do beneficiario/a.
5. No caso de que a persoa usuaria tivese cónxuxe ou parella de feito, as rendas de ambos os dous terán a consideración de rendas computables, entendéndose neste caso por renda persoal a metade da suma dos ingresos de ambos os dous membros da parella.
6. A capacidade económica por razón de renda determinarase dividindo a renda ou rendas computables, de acordo co número anterior, entre a suma dos seguintes conviventes: o perceptor ou perceptores de rendas computadas e, se é o caso, o cónxuxe e os ascendentes ou fillos/as menores de 25 anos, ou maiores desta idade en situación de discapacidade, que dependesen economicamente dos citados perceptores (que non superen o 75% do IPREM).
7. A capacidade económica resultante será a correspondente á renda da persoa usuaria, calculada de acordo cos números anteriores, modificada á alza, se fose o caso, pola suma dun 5% do valor do patrimonio neto que supere o mínimo exento para a realización da declaración do imposto sobre o patrimonio en vigor a partir dos 65 anos de idade, dun 3% dos 35 aos 65 anos e dun 1% os menores de 35 anos.



EXCMO. CONCELLO
DE
TUI

8. Para o cómputo da renda ou do patrimonio teranse en conta os datos correspondentes á última declaración fiscal dispoñible ou pensión coñecida.

9. A administración local solicitará os datos económicos necesarios para actualizar anualmente o porcentaxe e contía a aportar por cada usuario/a.

10. Para o cálculo da Renda per cápita terase en conta os datos dispoñibles no IRPF da unidade familiar e o porcentaxe establecido do patrimonio. No caso de pensionistas as retribucións diñeirarias serán as actuais multiplicadas polo número de pagas e divididas entre 12; No caso de variación de ingresos en máis dun 20% respecto os datos dispoñibles e sempre con xustificación, poderase recalcular a RPC cos ingresos do ano actual.

ARTIGO 19ª- INTERVALO DE RENDAS PARA DETERMINAR A CUOTA A ABONAR POLO USUARIO/A

1. No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

2. Para o resto dos supostos, atenderase ó establecido na “Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa do Servizo de Axuda no Fogar, do Concello de Tui”

3. Sen prexuízo do establecido no punto anterior, poderán preverse excepcións aos criterios xerais nos casos en que a problemática principal atendida sexa a desestruturación familiar e se procure a protección e integración social de menores de idade en risco de exclusión, mediante resolución motivada do órgano competente para acordar a concesión do servizo, da que en todo caso deberá deixarse constancia no correspondente expediente.

ARTIGO 20º.- FINANCIAMENTO

O servizo de axuda no fogar financiarase mediante achegas da Administración Xeral do Estado, da Xunta de Galicia, do Concello do Tui e o copagamento das persoas usuarias, cando proceda, segundo o establecido na ordenanza fiscal.

En todo o non previsto nesta Ordenanza, estarase ó disposto na normativa vixente que sexa de aplicación e en especial, ó disposto na Lei 13/2008 do 3 de Decembro, Decreto 240/1995 de 28 de xullo, lei 39/2006 de 14 de decembro e Orde do 22 de Xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar.



EXCMO. CONCELLO
DE
TUI

DISPOSICIÓN DEROGATORIA.- A presente ordenanza derroga a anterior ordenanza reguladora do servizo municipal de axuda no fogar, publicada no BOP de Pontevedra, nº 73 de 16.04.07.

DISPOSICIÓN FINAL.- A presente Ordenanza, unha vez aprobada definitivamente e publicada na forma legal establecida, entrará en vigor conforme ó previsto no art 70.2 e concordantes, da Lei 7/85 de 2 de abril, RBRL.



EXCMO. CONCELLO
DE
TUI

ANEXO I

SOLICITUDE DE SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Nome e Apelidos.....

DNI.....Enderezo postal

Enderezo electrónico..... Teléfono, (propio ou de contacto):

FixoMóbil Réxime sanitario.....

Nº de Afiliación

- ¿ Está empadroado e reside no concello de Tui? Si Non
- ¿Percibe o servizo de Axuda no Fogar por outro Organismo? Si Non
- ¿Está valorado como Dependente pola Xunta de Galicia? Si Non
- Resto de membros da Unidade familiar

Parentesco

(cónxuxe, parella de feito, ascendentes e fillos menores de 25 ou maiores discapac.) dependentes economicamente

Nome e Apelidos

Ingresos actuais

Nóminas, pensións, prestacións, xuros bancarios, alugueres e outros ingresos en metálico)

.....
.....
.....
.....
